



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

Bando prevención incendios forestais e charlas informativas na parroquia priorizada

O medio rural constitúe un patrimonio de valor incalculable para todos, tanto polo seu valor ambiental, como paisaxístico ou económico; non obstante, este importante patrimonio está sendo ameazado pola propagación dos incendios forestais. Ante esta situación faise indispensable que tanto as administracións como os particulares propietarios de fincas e montes adopten as medidas preventivas necesarias para preservar estes bens. É unha responsabilidade de todos.

Por isto, e antes da chegada do período de máximo risco, recórdase á veciñanza de Carnota cales son as súas principais obrigas en materia de prevención de incendios.

A Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia contempla as seguintes **obrigas para os particulares** que deben ser cumpridas por toda a veciñanza:

- Xestionar a biomasa vexetal nunha franxa de 50 metros perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable, así como ao redor de edificacións, vivendas illadas e urbanizacións, depósitos de lixo, campings, gasoleiras e parques e instalacións industriais, ubicadas a menos de 400 metros do monte e tamén ao redor das edificacións illadas en solo rústico situadas a máis de 400 metros do monte.
- Ademais nesa mesma franxa de 50 metros non poderá haber as especies sinaladas na disposición adicional terceira da Lei (piñeiros, eucaliptos, acacias...).

A parroquia de San Mamede foi declarada parroquia priorizada no 2020, polo mesmo, nas parcelas incluídas nas faixas secundarias da antedita parroquia, os propietarios teñen a posibilidade de subscribir un contrato de xestión da biomasa con Seaga (como executor do Sistema Público de xestión da biomasa establecido no convenio). O importe anual do devandito contrato é de 35 € por cada 1.000 m².

Con respecto a isto, e para aclarar as dúbidas dos veciños da parroquia prioritaria realizaranse as seguintes reunións informativas, por quendas, co persoal da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos e Axentes forestais no Salón de Plenos do Concello:

O luns 3 de agosto de 2020 nos seguintes horarios:

10 h – Núcleos de Panchés, A Gándara, Caldebarcos, San Cibrán, Vadebois, As Estañeiras e O Carracedo.

12h- Núcleos de Parada, Vilar, Fetós, Cornido, Cubelo, Adraño, Xestoso e O Outeiro

O martes 4 de agosto de 2020 nos seguintes horarios:

10h - Núcleos do Viso, As Cruces, Peralbar, A Rateira, A Igrexa, O Rieiro e Louredo.

12h - Núcleos de A Capelán, Piñeiros, Riazón, Canedo, Castelo e Freán.

Se ves lume chama ao 085

En Carnota, a 15 de xullo de 2020

